

LER E XOGAR

Continúa o Programa de Animación á Lectura para nenas/os de 6 a 12 anos, que se denomina “**LER E XOGAR**” e que pretende incrementar e potenciar o uso e o préstamo do LIBRO GALEGO nas Bibliotecas Municipais de Culleredo, e que pon en marcha a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo a traveso das súas Bibliotecas Municipais “*Miguel González Garcés*” do Burgo e “*Xosé Cardeso Liñares*” de Vilamelania- Vilaboa, en virtude a unha subvención recibida da Dirección Xeral de Normalización Lingüística da Xunta de Galicia.

Mediante actividades lúdicas e participativas poremos a proba á rapazada para motivar o seu interese pola identidade cultural e lingüística, así como polo uso da Lingua Galega e a escolla de lecturas en galego; o programa será coordinado pola empresa de lingua e comunicación “TAGENATA”.

A seguinte das sesións terá lugar o **xoves 12** de marzo na Biblioteca “*Miguel González Garcés*” do Burgo e o **venres 13** de marzo na Biblioteca “*Xosé Cardeso liñares*” de Vilamelania – Vilaboa, de 18 a 20 horas baixo o título “**A Paixón polas Letras**”.

Este programa súmase ao Programa Infantil de Animación á Lectura que ven funcionando dende o mes de novembro, consistente en talleres de contos, concertos didácticos, contos en inglés, contacontos e que supoñen 40 actos dirixidos a nenas/os de 3 a 12 anos.

Coordina Tagenata Lingua e Comunicación

HORARIO : 18 A 20 H.

IDADES : 6 A 12 ANOS

PREVIA INSCRICIÓN

Culleredo, 9 de marzo de 2009.
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Dominguez.